



www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias/grao-bioquimica



Grao en Bioquímica



www.usc.gal



Bioquímica

A titulación ten como obxectivo ofrecer ao alumnado un coñecemento de todas ás áreas relacionadas coa Bioquímica e a Bioloxía Molecular en sectores tan diversos como o alimentario, biosanitario, cosmético, farmacéutico, ambiental e químico; desenvolvendo as súas actividades profesionais no ensino, a investigación, o traballo en laboratorios de I+D+i, na industria farmacéutica...

Tipo Presencial

Área Ciencias

Centro Facultade de Ciencias
Avda. Alfonso X O Sabio, s/n
15782 Lugo
fcdeca@usc.es

Campus Lugo

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias/grao-bioquimica

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4 cursos

Número de prazas: 45

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos, conformados por 60 créditos de formación básica, 156 créditos de materias obrigatorias e 24 créditos optativos. Consta das seguintes mencións: Bioquímica Aplicada e Bioquímica Agroalimentaria.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a través do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestionanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Os estudantes deberán realizar prácticas externas relacionadas co título polo que poderán obter 6 créditos.

As prácticas están orientadas a completar a formación dos alumnos universitarios así como facilitar o seu acceso ao mundo profesional.

Recursos materiais

A Facultade conta con varias aulas de propósito xeral, 3 aulas de informática, e laboratorios con diversas capacidades. Existen tamén espazos habilitados para o alumnado, como unha sala de lectura con máis de 70 postos, equipada con ordenadores. Tamén hai que destacar que desde calquera punto da Facultade é posible a conexión sen fíos a Internet.

O servizo de Biblioteca do Campus universitario de Lugo atópase centralizado nun único edificio denominado Biblioteca Intercentros. A Biblioteca conta con máis de 1600 postos de consulta repartidos en 9 salas, incluíndo unha sala de traballo en grupo

Saídas profesionais

- A aplicación das biociencias moleculares ao estudo da saúde e a enfermidade, incluíndo o estudo dos mecanismos da enfermidade, así como o escrutinio, o diagnóstico, a prevención e o tratamento das enfermidades humanas.
- A actividade biomédica e bioanalítica: aplicación á medicina clínica das tecnoloxías bioquímicas en hospitais, laboratorios de análises farmacéuticas e clínicos, centros de investigación sanitaria e industrias relacionadas.
- A Investigación e docencia superior: universidades, centros públicos e privados de investigación científica e tecnolóxica e departamentos de R+D+I de empresas dos sectores farmacéutico, biotecnolóxico, analítico e instrumental...
- Docencia no ensino secundario: na área de ciencias experimentais (Naturais, Física, Química) e da vida (Bioloxía).
- Industria alimentaria: produción e modificación de alimentos como base para a erradicación de moitos dos problemas de alimentación no mundo.
- Novas tecnoloxías: computación biolóxica, que permitirá que organismos moleculares desenvolvan as tarefas propias dunha computadora.
- Química e medio ambiente: xeración de novos combustibles respectuosos co medio ambiente e o procesado e a valorización de residuos.

